DRIVE MY CAR
[Ryûsuke Hamaguchi, 2021, Xapón, 179', VOSE]

Lingua **Xaponés** Dirección **Ryûsuke Hamaguchi**
Guión **Ryûsuke Hamaguchi e Takamasa Oe, sobre o relato de Murakami**
Montaxe **Azusa Yamazaki** Fotografía **Hidetoshi Shinomiya**
Son **Kadoaki Izuta** Música **Eiko Ishibashi**
Elenco **Hidetoshi Nishijima, Tôko Miura, Reika Kirishima, Sonia Yuan, Satoko Abe, Masaki Okada, Perry Dizon, Ahn Hwitae**
Produtora **Bitters End, C&I Entertainment, Culture Entertainment, Asahi Shimbun (Xapón)** Distribución **Elástica Films**

Malia non ser quen de se recuperar dun drama persoal, Yusuke Kafuku, actor e director de teatro, acepta dirixir *Tío Vania* nun festival de teatro en Hiroshima. Alí coñece a Misaki, unha moza reservada que lle asignaron como chofer. Durante as idas e vidas xuntos comezan a xurdir confesións e a desvelárense os segredos das súas misteriosas vidas.

Cannes 2021 Mellor Guión, FIPRESCI e Premio do Xurado Ecuménico
Globos de Ouro 2021 Mellor Filme de Fala Non Inglesa
Oscar 2021 Mellor Filme Internacional

VINDEIRAS SESIÓNS OUTUBRO*

MARTES 4
PARÍS, DISTRITO 13
(Jacques Audiard, 2021)

MARTES 11
CINCO LOBITOS
(Alauda Ruiz de Azúa, 2022)

MARTES 18
PARA CHIARA
(Jonas Carpignano, 2021)

MARTES 25
MEMORIA
(Apitchapong Weerasethakul, 2021)

*** ANUNCIAREMOS POLAS VÍAS HABITUAIS A PROGRAMACIÓN EN COLABORACIÓN COA FILMOTECA PREVISTA PARA OS LUNS 10 e 24.**

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es
cineclubepontevedra
CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra
TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra
FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA
Xacobeo 21·22
XUNTA DE GALICIA

FS #161
20.9.2022

DRIVE MY CAR
RYÛSUKE HAMAGUCHI

CINECLUBE PONTEVEDRA

«E cando chegue o momento, descansaremos.»
Tío Vania, CHÉJOV

A ARTE PODE AXUDAR A SANDAR A DOR DA ALMA

Entrevista a Ryûsuke Hamaguchi por Astrid Meseguer

É un lector habitual da obra de Murakami? Por que escolleu este relato para adaptalo ao cinema? Aos 20 anos comecei a ler os seus libros, aos 30 teño que admitir que o abandonei un pouco e en 2013 atopei esta obra súa que me impresionou. Cinco anos máis tarde, o produtor do filme comentoume que había un proxecto para adaptar unha obra de Murakami e eu díxenlle que a dirixiría se era *Drive my car*. Atrapáronme as escenas de diálogo no coche e o concepto do teatro, temas que xa fora traballando ao longo da miña carreira.

O relato ten apenas unhas 40 páxinas e converteuno nun filme de tres horas. Como traballou o proceso de escrita do guión xunta Takamasa Oe? O meu propósito non era facer un filme tan longo. Xurdiu así de xeito accidental. O filme é o resultado dun traballo previo de creación e o noso foi bastante extenso.

Como foi a súa relación con Murakami? Púxose en contacto con el para dicirlle que quería facer un filme de *Drive my car*? Non teño ningunha relación persoal con el, hoxe en día aínda non nos coñecemos. Envieille por carta un bosquexo do guión de *Drive my car* combinado con outros dous relatos seus —*Sherezade* e *Kino*— e ao cabo de seis meses deume o visto bo para sacalo adiante. Convideino á *première* do filme, mais non veu e pensei que non tería interese nel. Non obstante, nunha entrevista que lle fixeron lin que o vira nun cinema local e que lle gustara moito. Non tivemos unha relación estreita mais estou contento de que gozase do meu filme.

O coche é un elemento narrativo que actúa coma un protagonista máis, unha especie de templo para Yusuke e Misaki. O coche é un espazo privado, a diferenza do tren ou o bus, e os personaxes adoitan ter diálogos máis íntimos nel. A min gústame tratar este espazo privado dentro do coche para que as conversas dos personaxes poidan fluír con naturalidade.

O filme préstalle sobre todo moita atención ao proceso de creación de *Tío Vania*, de Chéjov. Que significa para vostede esta obra e como foi traballar cun elenco tan variado de personaxes nun teatro multilingüe? Eu lera hai tempo a obra de Chéjov e en *Drive my car* Murakami facía unha pequena referencia a *Tío Vania*. Cando a volvín ler, atopei moitas similitudes co protagonista de *Drive my car*. As frases que se din realmente expresan os sentimentos de Kafuku, as súas emocións. Está vivindo unha vida que non quere ter, mais é a vida que ten que vivir. Esas emocións comúns ocorren en Kafuku e Vania. *Tío Vania* está chea de cousas que a xente pode non querer dicir en voz alta, como o agobio pola decepción, mais que en realidade se corresponden co que senten. Ten ese xeito de sacar das persoas as emocións que xacen durmidas no seu interior. Funciona para espectadores de todo o mundo e, obviamente, é útil como metáfora aquí. Respecto ao teatro multilingüe, os actores len os textos en voz alta sen os interpretar, sen demostrar ningún tipo de emoción. Aos poucos, son as propias palabras as que atopan o seu sentido. É un bo sistema para actuar mellor porque non dependes das palabras dos intérpretes senón que tes que estar moi atento para ver como actúan sen entender o que din. Traballamos especialmente a comunicación corporal, a reacción a unha actuación a través de moitos ensaios.

No filme semella que as persoas están sempre a interpretar un personaxe para non revelar os seus sentimentos verdadeiros. Si, existe a sensación de que todos actuamos na nosa vida cotiá, mais quererría facer unha distinción entre mentiras e actuación, ou entre mentiras e ficción. Unha vez que é exposta, unha mentira xa non ten validez ningunha. Mais coa ficción hai un sentimento compartido de que, aínda que sabemos que non é real, ten dereito a existir, porque o desexo pode manifestarse a través da ficción. *Drive my car* trata en moitos aspectos sobre personaxes que atopan que a ficción é necesaria para decatarse da súa propia verdade.

Cre que a arte pode axudar, en clave de catarse, a superar a dor da alma, como lle ocorre ao protagonista? Coido que ás veces a arte pode contribuír a superar a dor ou as feridas das persoas. Cando nos atopamos nun burato do que semella que non hai escapatoria, o feito de descubrir outros mundos en relación a outras persoas fainos superar eses obstáculos. Se miramos a Kafuku como personaxe, hai algunhas emocións que non pode expresar na vida normal, mais si pode facelo a través da súa arte. E non creo que a obra de teatro sexa o único vehículo para facelo. Calquera tipo de arte faino posible. No día a día estamos atados por certas cousas que nos impiden expresarnos tanto como quixeramos. Mais a través da arte podemos lograr esta versión honesta de expresión que non podemos obter na vida real. No filme, a obra en que actúa Kafuku é para el unha forma de se recuperar a si mesmo. Na vida real non podería expresar estas emocións, mais pode ser unha versión honesta de si mesmo a través da súa actuación na obra.

Publicado en lavanguardia.com.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.